

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Vanessa Quintela Pedreira.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

ACTA

En Arzúa, a 29 de abril de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Faise constar que o Sr. García Rodríguez incorporouse a esta sesión a partir das 20.25 horas, cando empezaba a tratarse sobre o punto 5º) da Orde do día desta sesión; manifestando que non poidera chegar antes.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 4 DE MARZO DE 2016.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2016, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2016.

Polo secretario se da lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de economía e facenda, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión que as obras incluídas neste expediente realizaranse co remanente de tesourería do ano 2015. Trátase de tres obras que contemplan actuacións propias de reparación, melloras, mantemento e conservación das vías de comunicación xa existentes, cuxo importe ascende a un total de 135.929,78 euros. As obras son as seguintes:

- “Mellora da capa de rodaxe da rúa da fonte e recuperación de camiño en As Quintás (San Estevo)”, por importe de 29.014,40 euros.*
- “Mellora da capa de rodaxe da pista de acceso a Pela (Vilantime) e mellora de firme de camiño”, por importe de 31.436,48 euros.*
- “Mellora da capa de rodaxe na pista de Pastoriza a Pantiñobre”, por importe de 75.478,90 euros.*

Sen ningunha intervención por parte dos concelleiros sobre este punto, a presidenta someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por unanimidade dos sete membros asistentes (3 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito 1/2016.”

Deseguido tiveron lugar as seguintes intervencións:

- * Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expresar que se pronuncia no mesmo sentido que na sesión da Comisión especial de Contas.
- * Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para expresar que vai votar a favor.
- * Do Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), para expresar que a postura do grupo político do Partido Popular vai a ser a favor, como na sesión da Comisión especial de Contas.

Coñecidos os informes elaborados polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio con data 20 de abril de 2016, en relación cos tres proxectos técnicos citados, indicando que *“as obras contempladas nesas proxectos non presupoñen en ningún caso aumento de gasto, senón todo o contrario, as obras especificadas incrementan a calidade das vías de comunicación e reducen sustancialmente os gastos de mantemento e conservación”*.

Tendo en conta o informe emitido pola interventora, con data 21 de abril de 2016, a través do cal se indica:

- a) Que, comprobado o cumprimento da normativa que regula esta modificación de créditos, informase favorablemente o expediente.
- b) Que o orzamento municipal, logo de incorporarse a modificación de créditos en trámite, se axusta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF).
- c) Que a tramitación da presente modificación de crédito non incumpra a regra de gasto no presente orzamento, xa que de conformidade co establecido na Disposición Adicional Sexa da LOEPSF o importe do gasto realizado, en concepto de

investimento financeiramente sostible, non se considera gasto computable a efectos de aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes (7 por AxA, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de suplementar a partida orzamentaria 1532.619.01 “Pavimentación de vías públicas.- Outras instalacións de reposición”, cun importe de 135.929,78 euros; co obxecto de poder contratar a execución das obras nomeadas: “Mellora da capa de rodaxe da rúa da fonte e recuperación de camiño en As Quintás (San Estevo)”, por importe de 29.014,40 euros; “Mellora da capa de rodaxe da pista de acceso a Pela (Vilantime) e mellora de firme de camiño”, por importe de 31.436,48 euros e “Mellora da capa de rodaxe na pista de Pastoriza a Pantiñobre”, por importe de 75.478,90 euros; e iso, con cargo a unha parte do remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal, que ascende a un total de 342.466,93 euros.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2016.

Polo secretario se da lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de economía e facenda, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión que a obra incluída neste expediente realizarase co remanente de tesourería do ano 2015, que ascende a un total de

342.466,93 euros. A obra denomínase “instalación de bocas de rego en puntos finais da rede de abastecemento”, e contempla actuacións propias de reparación, melloras, mantemento e conservación da rede de abastecemento xa existente. O seu importe é de 15.845,23 euros, debendo quedar rematada o día 31 de decembro.

Sen ningunha intervención por parte dos concelleiros sobre este punto, a presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por sete votos a favor (3 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de créditos, na modalidade de concesión de crédito extraordinario 1/2016.”

Deseguido tiveron lugar as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE), para expresar que vai votar a favor, como na sesión da Comisión especial de Contas.

*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para expresar que tamén vai votar a favor.

*Do Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), para expresar que o grupo político do Partido Popular mantén o mesmo pronunciamento favorable que na sesión da Comisión especial de Contas.

Coñecido o informe elaborado polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio con data 20 de abril de 2016, en relación co proxecto técnico citado, indicando que “as obras contempladas nese proxecto non presupoñen en ningún caso aumento de gasto, senón todo o contrario, as obras especificadas incrementan a calidade da auga e reducen sustancialmente os gastos de mantemento e conservación da propia instalación”.

Tendo en conta o informe emitido pola interventora, con data 21 de abril de 2016, a través do cal se indica:

a) Que, comprobado o cumprimento da normativa que regula esta modificación de créditos, informase favorablemente o expediente.

b) Que o orzamento municipal, logo de incorporarse a modificación de créditos en trámite, se axusta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF).

c) Que a tramitación da presente modificación de crédito non incumpre a regra de gasto no presente orzamento, xa que de conformidade co establecido na Disposición Adicional Sexa da LOEPSF o importe do gasto realizado, en concepto de investimento financeiramente sostible, non se considera gasto computable a efectos de aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes (7 por AxA, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de concesión de crédito extraordinario, coa finalidade de crear a partida orzamentaria 161.619.00 “Abastecemento de auga. Outras instalacións de reposición”, cun importe de 15.845,23 euros; co obxecto de poder contratar a execución da obra nomeada: “Instalación bocas de rega en puntos finais da rede de abastecemento (Fase II)” por un importe de 15.845,23; e iso, con cargo a unha parte do remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal, que ascende a un total de 342.466,93 euros.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 4º) APROBACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS NOMEADOS:

- “MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA DE ACCESO A PELA (VILLANTIME) E MELLORA DE FIRME DE CAMIÑO”.
- “MELLORA DA CAPA DE RODAXE NA PISTA DE PASTORIZA A PANTIÑOBRÉ”.
- “MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA RÚA DA FONTE E RECUPERACIÓN DE CAMIÑO AS QUINTÁS (SAN ESTEVO)”.
- “INSTALACIÓN BOCAS DE REGA EN PUNTOS FINAIS DA REDE DE ABASTECIMENTO (FASE II)”.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, infórmase do contido dos referidos catro proxectos técnicos, que foron elaborados polo arquitecto técnico municipal Sr. Fole Barrio, polos seguintes orzamentos de execución por contrata:

1- “Mellora de rodaxe da pista de acceso A Pela (Villantime) e mellora do firme do camiño”, por 31.436,48 euros.

2- “Mellora da capa de rodaxe na pista de Pastoriza a Pantiñobre”, por 75.478,90 euros.

3 “Mellora da capa de rodaxe na rúa da Fonte e recuperación de camiño en As Quintás (San Estevo)”, por 29.014,40 euros.

4. “Instalación de bocas de rega en puntos finais de rede de abastecemento de auga (Fase II)”, por 15.845,23 euros.

(Para cuxa financiación tramitouse un expediente de concesión de crédito extraordinario e outro expediente de suplemento de crédito, que serán aprobados na mesma sesión plenaria en que se aproben estes catro proxectos técnicos).

Tras preguntar o Sr. García Couso (de CxG) ¿cal é o camiño que se pretende acondicionar no lugar de A Pela (na parroquia de Villantime)?

A Sra. Varela Duro respondeu que sería o que sube, o cal se pode comprobar a través do proxecto técnico no que está incluído, que sería o nomeado “Mellora da capa de rodaxe de pista de acceso A Pela (Villantime) e mellora do firme de camiño”, facilitando neste momento dito proxecto técnico ao Sr. García Couso para que realice esa comprobación.

E non realizándose mais intervencións, a presidenta desta comisión someteu a votación ordinaria a proposta de aprobación de ditos proxectos técnicos polo Pleno do Concello.

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros desta Comisión informativa (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente eses catro proxectos técnicos.”

Deseguido tiveron lugar as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, aínda que é consciente de que hai outras necesidades, as obras incluídas neses catro proxectos técnicos tamén son necesarias.

* Do Sr. García Couso (de CxG) para expresar que a súa posición, como sempre que se trata da realización de obras, vai ser a de votar a favor, porque entende que son prioritarias, e por canto que el non ten a capacidade de ver todas as necesidades do concello.

* Do Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular pronunciase no mesmo sentido que na sesión da Comisión Informativa.

* Do Sr. alcalde para expresar que, salvo o proxecto técnico referido á instalación de bocas de rega, que foi unha proposta que fixo a empresa adjudicataria do servizo de abastecemento de auga potable para mellorar a calidade da auga e que non saía lodada, o resto foron peticións dos veciños das parroquias onde se pretende realizar as obras.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;
Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes ata ese momento neste sesión- o seguinte acordo:

Aprobar os proxectos técnicos que deseguido se detallan:

1. **“Mellora da capa de rodaxe na rúa da Fonte e recuperación de camiño As Quintas (San Estevo)”**, por un orzamento total de 29.014,40 euros; segundo o seguinte desglose:

| | |
|--|------------------|
| * Orzamento de execución material..... | 20.150,28 |
| • 13% de gastos xenerais..... | 2.619,54 |
| • 6% de beneficio industrial..... | <u>1.209,02</u> |
| | 23.978,84 |
| • IVE ao 21%..... | <u>5.035,56</u> |
| * Orzamento de execución por contrata | 29.014,40 |

2. **“Mellora da capa de rodaxe da pista de acceso á Pela (Villantime) e mellora do fime de camiño”**, por un orzamento total de 31.436,48 euros; segundo o seguinte desglose:

| | |
|--|------------------|
| * Orzamento de execución material..... | 21.832,41 |
| • 13% de gastos xenerais..... | 2.838,21 |
| • 6% de beneficio industrial..... | <u>1.309,94</u> |
| | 25.980,56 |
| • IVE ao 21%..... | <u>5.455,92</u> |
| * Orzamento de execución por contrata | 31.436,48 |

3. **“Mellora da capa de rodaxe na pista de Pastoriza a Pantiñobre”**, por un orzamento total de 75.478,90 euros; segundo o seguinte desglose:

| | |
|--|------------------|
| * Orzamento de execución material..... | 52.419,55 |
| • 13% de gastos xenerais..... | 6.814,54 |
| • 6% de beneficio industrial..... | <u>3.154,17</u> |
| | 62.379,26 |
| • IVE ao 21%..... | <u>13.099,64</u> |
| * Orzamento de execución por contrata | 75.478,90 |

4. **“Instalación de bocas de rega os puntos finais da rede de abastecemento de auga (Fase II)”**, para permitir a correcta limpeza das canalizacións existentes, co fin de evitar a turbidez da auga e mesmo dálle cumprimento ao Real Decreto 140/2003, por un orzamento total de 15.845,23 euros; segundo o seguinte desglose:

| | |
|--|------------------|
| * Orzamento de execución material..... | 11.004,40 |
| • 13% de gastos xenerais..... | 1.430,57 |
| • 6% de beneficio industrial..... | <u>660,26</u> |
| | 13.095,23 |
| • IVE ao 21%..... | <u>2.750,00</u> |
| * Orzamento de execución por contrata | 15.845,23 |

(Prevéndose nos catro proxectos técnicos citados que, dadas as características destas obras, se considera un prazo de execución de tres meses).

E iso, por canto que, para poder contratar a execución das obras comprendidas

en ditos proxectos técnicos, aprobouse polo Pleno do Concello, nesta mesma sesión:

a) Un expediente de suplemento de crédito (o 1/2016), co fin de complementar a aplicación orzamentaria 1532.619.01 “Pavimentación de vías públicas. Outras instalacións de reposición”, con 135.929,78 euros, para poder financiar os tres primeiros proxectos técnicos indicados, e

b) Un expediente de concesión de crédito extraordinario (o 1/2016), co fin de crear a aplicación orzamentaria 161.619.00 “Abastecemento de auga. Obras instalacións de reposición”, con 15.845,23 euros, para poder financiar o cuarto dos proxectos técnicos indicados.

(Faise constar que, cando se ía a tratar sobre o seguinte punto do Orde do día, sendo as 20:25 horas, incorporouse a esta sesión o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. García Rodríguez, o cal manifestou que non puido chegar antes).

Punto 5º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. GARCÍA COUSO, PRESENTADA NO REXISTRO XERAL O DÍA 24 DE FEBREIRO, REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 574, SOBRE O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016; no seguinte sentido:

“Tras manifestar o Sr. García Couso:

- Que esta moción foi presentada porque o Consello de Ministros de Europa obriga a España ao cumprimento da Carta Europea das Linguas rexionais e minoritarias; e, como non se está cumprindo, a través desta moción pídese que se cumpra.

- Que non considera necesario lela se vai figurar como documentación integrante da Orde do día da sesión plenaria na que se vai tratar.

Os oito integrantes desta Comisión informativa (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG -PSOE e 1 de CxG) pronunciáronse no sentido de que estaban de acordo en propoñer a inclusión desta moción no Orde do día da vindeira sesión plenaria, para o seu debate e aprobación nesa sesión”

Seguidamente o Sr. alcalde pediu ao concelleiro Sr. García Couso, que presentara esa moción, que dera lectura da mesma, para coñecemento tanto dos concelleiros que non estiveron presentes na sesión da Comisión informativa onde se tratou, como dos ointes de Radio Arzúa que estean seguido o desenvolvemento desta sesión.

Pasando o Sr. García Couso a ler o texto de dita moción, que era o seguinte:

“O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galicia se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

O Concello de Arzúa manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galicia, e INSTA a Xunta de Galicia a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na liña 640 do informe, que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que, mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual, derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”

Tras a lectura anterior, o Sr. García Couso manifestou que a moción xa di todo o que hai que dicir en defensa da lingua, e ademais en concordancia co que establece o Consello de Ministros de Europa en defensa das linguas e cos acordos co goberno español, que esta incumplindo.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que vai votar a favor desta moción, porque desde o Partido Socialista imos estar sempre a favor de nosa lingua; pero tamén cremos necesarias outras medidas, para que desde as institucións públicas se dea mais auxe ao idioma galego.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que pensa que o galego é nosa nai e non vamos a renegar dela, polo que votaremos a favor desta moción.

* Da Sra. Varela Duro (de AxA) para manifestar:

- Que o seu grupo político votara tamén a favor, e seguirá loitando e apostando polo galego con respecto ao castelán, e que se poida estar en igualdade de condicións, cun auténtico uso do día a día tanto a nivel da Administración como no ámbito social empresarial, etc.

- Que temos que loitar en unidade porque o noso idioma ten unha importancia transcendental, e falar no noso idioma ten un significado moi importante que nace da alma porque, se intentansen traducir algún poema galego ao castelán, seguramente que perdería toda a esencia que ten ese poema; poñendo como exemplo unha frase dun poema de Rosalía de Castro, que leu nese momento.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as cinco propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por once votos a favor (7 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), coa abstención das concelleiras (do PP) Sra. Quintela Pedreira e Sra. Orois Conde- o acordo de instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

Segundo.- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na línea 640 do informe, que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

Terceiro.- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

Cuarto.- Que, mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

Quinto- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

Punto 6º) ***MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. GARCÍA COUSO DE COMPROMISO POR GALICIA, PRESENTADA NO REXISTRO XERAL O DÍA 19 DE ABRIL, REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 1121, EN RELACIÓN CO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.***

Polo secretario se da lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de economía e facenda, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión que a moción presentada versa sobre a posibilidade de establecer bonificacións de ata un 95% da cota íntegra do IBI, para os bens en que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras, que iría en función do tamaño e da realidade de cada explotación.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para comentar que o problema é que os gobernos fan deixadez das súas obrigas, repercutindo nos particulares a carga impositiva, neste caso en concreto no que afecta ao mundo rural.

Continúa explicando o Sr. García Couso (de CxG) que o que se pide, a través desta moción, é que o goberno local teña en conta este problema e que leven a cabo os trámites administrativos que sexan necesarios para modificar a ordenanza do IBI, posto que ás veces o cálculo do IBI en función da extensión da explotación resulta moi gravoso e supón un importe a pagar mais alto do que cobran moitos xubilados. Na moción solicítase unha bonificación non exclusivamente do 95%, senón de ata un 95%, tendo en conta as previsións establecidas na propia moción.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE), para manifestar que esta moción é moi parecida a unha que presentaran eles no último Pleno da Corporación e que desde o PSdeG-PSOE van votar a favor. Que lle consta que o mesmo se ten feito noutros Concellos como Verín, Silleda etc...

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para comentar que sendo unha moción pensada en favor dos gandeiros, e estando dentro da legalidade, a eles tamén lles parece ben.

Tras o exposto a presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE) e tres abstencións (de AxA)- o acordo de informar favorablemente a aprobación da moción presentada.”

Seguidamente o Sr. alcalde manifestou que procedería dar lectura de dita moción; pasando o Sr. García Couso a realizar esa lectura, sendo o texto desa moción o seguinte:

“O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda, co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas do concellos, vai ocasionar un importante impacto sobre os habitantes do medio rural en xeral e, moi en particular, sobre as explotacións agrarias e gandeiras.

Esta revisión dá resposta á aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización. Este proceso consiste fundamentalmente en catastrar todas as fincas do rural, así como dar de alta bens e instalacións de natureza rústica catalogadas como vivendas ou almacéns. Isto ten como consecuencia que as explotacións agrarias se verán incluídas no Imposto de Bens Inmóbles (IBI) e, por tanto, pasarán a pagar esta taxa as explotacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tal como recolle o artigo 74 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este permite executar bonificacións potestativas. Ademais establece que os concellos, mediante unha ordenanza, poderán regular bonificacións de até o 95% da cota íntegra do imposto. Esta bonificación pode aplicarse a favor dos inmóbles en que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento da ocupación.

Do mesmo xeito, a normativa permítelle a cada concello decidir o coeficiente a aplicar sobre o valor catastral, entre o 0,3% e o 0,9%.

Por todo o exposto anteriormente, Compromiso por Galicia, dada a importancia que o sector agrario ten neste concello, como sector extratéxico e dinamizador, e que por tanto debe considerar de especial interese municipal, propón ao Pleno da Corporación Municipal de Arzúa a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Establecer bonificacións de até un 95% da cota íntegra do IBI para os bens en que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras. Dita bonificación irá en relación co tamaño e a realidade de cada explotación.

2.- Para as explotacións agrícolas e gandeiras, tendo en conta previamente o seu tamaño e a súa realidade, o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será do 0,3%.”

Tras a lectura anterior, o Sr. García Couso engadiu:

- Que este é un novo imposto que o Goberno, mediante os seus decretos, obriga a cobrar a través dos concellos; e iso vai supoñer que, nun concello como Arzúa, moitas instalacións e incluso vivendas que non teñen actualmente explotacións agrícolas, se vexan cargadas cun imposto que en moitos casos supón unhas cantidades moi importantes.

- Que cre que o medio rural -para que continue vivo- ten que estar ocupado, ten que ter poboación e esa poboación ten que contar con comodidades; unha casa onde vive unha familia, aínda que non teña ningunha explotación agraria, ten que ter locais, pendellos, garaxes; e aparte están as explotacións agrícolas que se van a ver cargadas con este imposto, que neste momento están bastante apuradas, pola situación do prezo do leite; e o concello ten a oportunidade non só de apoialas con palabras, senón tamén con feitos.

- Que se a moción se aproba levaría á creación dunha nova ordenanza, e pide

agora que -se se fai esa nova ordenanza- se conte cos afectados, a través dos seus representantes, como poden ser os sindicatos agrarios, os alcaldes pedáneos, as asociacións parroquiais, etc..., e que non pase como coa ordenanza que se aprobou na anterior sesión do Pleno, sobre regulación das terrazas dos bares, que non contou co sector e estamos vendo os problemas que ten.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que esta moción que presenta o Sr. García Couso, como representante de Compromiso por Galicia en Arzúa, tamén a presentou ela, como representante do Partido Socialista, na última sesión que celebrou o Pleno do Concello; e por tanto tamén vai a votar a favor.

- Que cre que estamos nun momento crítico para o rural galego, sobre todo para noso concello, porque gran parte da súa economía depende da agricultura e gandería

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que o grupo político do Partido Popular vai votar a favor desta moción, porque se pensamos nos metros cadrados que ten unha familia, por exemplo de tellado ou vivenda en Arzúa, e os comparamos cos metros cadrados que pode ter unha familia gandeira, entre palleiras, almacéns, granxas e vivenda sería desproporcionado o que paga un con respecto ao outro.

- Que, tal como están agora as cousas, sería desproporcionado cargar con outro novo imposto, cando noutros concellos -como o de O Pino ou Melide- están realizando xa o que aquí se esta propoñendo.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que non se vai a estender neste tema, porque un dos sectores co que máis demagogia se fai en política é co sector gandeiro.

- Que este goberno municipal foi o que, na anterior lexislatura, baixou o imposto sobre bens inmobles, fixando o tipo impositivo de rústica do 0,7% ao 0,5% e o de urbana deixouse no nivel que estaba; polo que non se subiu ningún dos dous impostos.

-Que cando se fixo a revisión do Catastro, nalgúns casos viñase a pagar menos do que se estaba pagando, as contas non cadran, ou se manteñen os tipos impositivos que hai ou se pechan a maioría dos servizos.

Aínda así os servizos económicos poden facer un pequeno estudio do que supón esta rebaixa, e a partir de ahí tomar unha decisión; o que non se pode facer é tomar unha decisión ao tolo, e decidir no momento sen ter ningún dato do que votar man.

-Que o goberno dun concello ten que ser responsable, non só cun sector como é o gandeiro, senón tamén con todos os demais, por iso pensa que é mellor ter algo máis sólido para poder tomar calquera tipo de decisión.

- Que este mesmo goberno tivo que facer fronte hai catro anos ao peor da crise, nos anos 2012 e 2013 (sen que queira dicir que saíramos dela), e así houbo que facer fronte á suba do IVE do 18% ao 21%, con todo o que iso supón para a contratación de servizos, obras ou subministros, á eliminación de subvencións, á suba do lixo en máis dun 30%, que foi un pao bastante forte para todos os concellos e para o de Arzúa, tamén puxéronse ao día moitas contratacións que estaban vencidas, coa conseguinte

suba do IVE, etc... E todo iso sen cartos non se pode facer.

- Que se temos en conta que o importe do superavit do orzamento é de 97.000 euros, tampouco estamos como para tirar bombas.

- Que cre que o goberno municipal ten unha responsabilidade e a oposición outra, porque primeiro sería facerse cos datos e despois propoñer cousas.

- Que non puxo ningún tipo de problema porque se incluíse esta moción na orde do día da presente sesión, cando se trata dunha moción repetida doutra que se levou á sesión plenaria anterior, pero pide que de aquí en diante se considere non facelo, porque esta moción xa quedou debatida naquela sesión e non hai moito mais que aportar; non obstante, invita ao grupo político do Partido Popular, para que traia esta mesma moción á seguinte sesión do Pleno, porque senón cando sexan as vindeiras Eleccións Locais non van poder ensinar o papeliño de que eles tamén presentaron esta moción.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que a recadación do imposto sobre bens inmobles aumentou aproximadamente do 30% ao 35%, e non se subiu o tipo impositivo porque o goberno obrigou a subilo un 20% cada ano acumulativo durante dous anos.

- Que aumentaron moito os bens inventariados, polo tanto mais recadación, e cando se fala de rebaixa do tipo impositivo do 0,7% ao 0,5% todo é dentro dun volumen de recadación mínimo.

- Que se fala de que se fixeron esforzos para non aumentar a imposición, pero si que se aumentou, pola obrigación pola revisión de bens inventariados, e porén se podería tamén rebaixar como propuxemos algúns concelleiros naquel momento.

- Que se fala de que se se aproba esta moción é á lixeira, e na moción o único que se pide é que se estudie e se elabore unha ordenanza que estableza unhas bonificacións, porque senón os propietarios rurais van ter encima un catastrazo, que lles vai supoñer un pago de cantidades moi altas nalgúns casos, e él pode dicir que poden acadar ata cantidades superiores ás pensións que perciben algúns propietarios rurais por un mes.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para solicitar que se faga un estudio para saber se hai algunha posibilidade de que se poida beneficiar á xente que vive na zona rural.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que non ten nada mais que dicir.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que o imposto sobre bens inmobles aumentouse por obriga do goberno central, e naquel momento puidose deixar como estaba, non se decidiu rabaixar ao 0,4% como propoñían algúns porque estaba claro cal era o obxectivo, e grazas ao estudio que fixeron os servizos económicos do concello, incluso o xerente do Catastro marchou de aquí asombrado coas proposicións que se facían.

- Que naquel momento se pediu unha actualización e parecía que a xente o podía afrontar, e resulta que agora parece que non o poden afrontar, cando os gandeiros naquela época non estaban tampouco tan ben.

- Que como esto é unha cuestión bastante demagoxica non vai a profundizar mais, e non lle preocupa o custe político que poida ter a negativa a esta moción, porque non se presentou un estudio previo para poder valorala, pois hai cousas como é a responsabilidade que estan por encima de calquera outra cousa.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por sete votos en contra (de AxA) e seis votos a favor (4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de non subscribir esas dúas propostas .

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2015.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de xullo de 2015 -en que foi ditada a resolución máis inmediata á última de 30 de xuño de 2015 (*da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 4 de marzo de 2016*)- ata a ditada o día 30 de setembro de 2015.

Estando referidas:

*A primeira resolución (*reflectida no folio 8.221 volto e no folio 8.222 e volto*), á devolución da garantía que tiña constituída o día 20 de novembro de 2014 a sociedade maderista nomeada Jesús M. Villar Andrade e Hijo, S.C., con NIF J-15999154, por un importe de 930,50 euros, de conformidade co disposto no artigo 6 da ordenanza municipal reguladora da protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación coas operacións de saca de madeira que deron lugar aos expedientes 40/2014 e 41/2014.

* Mentres que a última resolución (*reflectida nos folios 8.356 volto e 8.357*), á determinación da garantía que tiña que prestar o maderista D. José Ramón Vázquez Castro, con NIF 33248704-L, por un importe de 650 euros, de conformidade co disposto no artigo 6 de dita ordenanza, en relación coa operación de saca de madeira que dou lugar ao expediente 14/2015.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta

Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN, ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao **primeiro trimestre** do presente exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoueiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 25 de abril de 2016, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2016, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2016:

| | Dentro do período legal de pago | Fóra do período legal de pago |
|-----------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 186 | 14 |
| Importe total | 384.392,39 euros | 151.306,76 euros |
| Período medio de pago | 36,50 días | |

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

| | Dentro do período legal de pago | Fóra do período legal de pago |
|------------------------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 504 | 1 |
| Importe total | 304.895,88 euros | 234,51 euros |
| Período medio de pendiente de pago | 27,65 días | |

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 3º) DAR CONTA DO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA APROBAR A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2015.

Por vir así establecido no artigo 193 nº 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora as Facendas Locais, procede dar conta agora do expediente completo de dita liquidación, por ser esta a primeira sesión, seguinte á data do Decreto ditado polo alcalde o día 18 de marzo de 2016, sobre aprobación da referida liquidación.

Sendo o contido de dito Decreto o seguinte:

*“Visto o expediente tramitado para a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2015, conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o informe de intervención que obra no expediente, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- *Aprobar a liquidación do orzamento xeral de 2015, integrada polos seguintes estados cos seguintes resultados:*

- Liquidación do orzamento de gastos.
- Liquidación do orzamento de ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- Remanentes de crédito.
- Resultado orzamentario.
- Remanente de Tesourería.

E cos seguintes resultados:

EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS E INGRESOS:

| GASTOS | C.D. | O.R.N. | % | INGRESO | | % | |
|--------------|-------------------|-------------------|--------------------|--------------|-------------------|-------------------|---------------|
| | | | | S | P.D. | | D.R.N. |
| cap1 | 1619189,63 | 1601228,58 | 98,89 % | cap 1 | 1494397,65 | 1588039,16 | 106,27% |
| cap2 | 2495111,27 | 1991390,17 | 79,81 % | cap 2 | 70000 | 105157,54 | 150,23% |
| cap3 | 16598,68 | 12061,96 | 72,67 % | cap 3 | 1084652,07 | 762308,11 | 70,28% |
| cap4 | 188462,25 | 178257,55 | 94,59 % | cap 4 | 1926669,31 | 1895432,2 | 98,38% |
| | | | 0 | cap 5 | 3314 | 2834,48 | 85,53% |
| cap6 | 1501846,32 | 1140235 | 75,92 % | cap 6 | 0 | 0 | 0,00% |
| cap7 | 0 | 0 | 0,00% | cap 7 | 860108,16 | 716429,52 | 83,30% |
| cap8 | 2300 | 2292,9 | 99,69 % | cap 8 | 285970,68 | 4229,8 | 1,48% |
| cap9 | 244779,68 | 241121,99 | 98,51 % | cap 9 | 343175,96 | 250153,22 | 72,89% |
| TOTAL | 6068287,83 | 5166588,15 | 85,14 % | TOTAL | 6068287,83 | 5324584,03 | 87,74% |

| | |
|--|--------------|
| DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/2015 | 129.933,95 € |
| OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2015 | 174.265,89 € |

RESULTADO ORZAMENTARIO:

| CONCEPTOS | D. REC. NETOS | O. REC. NETAS | AXUSTES | RESULT. ORZ. |
|-------------------------------------|---------------|---------------|---------|--------------|
| operacións correntes | 4353771,49 | 3782938,26 | | |
| outras operacións non financeiras | 716429,52 | 1140235 | | |
| Total operacións non financeiras | 5070201,01 | 4923173,26 | | |
| Activos financeiros | 4229,80 | 2292,90 | | |
| Pasivos financeiros | 250153,22 | 241121,99 | | |
| RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO | 5324584,03 | 5166588,15 | | 157995,88 |

| | | | |
|--|--|--|------------------|
| AXUSTES | | | |
| créditos gastados financiados con RLT | | | 246781,10 |
| Desviacións de financiación negativas | | | 50733,18 |
| Desviacións de financiación positivas | | | 111031,42 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO | | | 344478,74 |

REMANENTE DE TESOURERÍA:

| | | |
|---|-----------|------------------|
| DEREITOS PENDENTES DE COBRO | | 188241,14 |
| +De orzamento corrente de ingresos | 129933,95 | |
| +De orzamento pechado de ingresos | 55878,16 | |
| +De recursos doutros entes públicos | 0,00 | |
| +Doutras operacións non orzamentarias | 2429,03 | |
| -Ingresos pendentes de aplicación | 5464,27 | |
| FONDOS LÍQUIDOS | | 543865,91 |
| -OBRIGAS PENDENTES DE PAGO | | 279975,83 |
| +De orzamento corrente de gastos | 174265,89 | |
| +De orzamento pechado de gastos | 0 | |
| +Doutras operacións non orzamentarias | 105709,94 | |
| -Pagos pendentes de aplicación | 15072,63 | |
| =REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL | | 461739,58 |
| SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | | 27162,64 |
| EXCESOS DE FINANCIACION AFECTADA | | 92110,01 |
| REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | | 342466,93 |

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193 n° 4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e 90 n° 2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

TERCEIRO.- Remitir unha copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193 n° 5 do TRLRFL.”

Coñecido o contido do anterior decreto.

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2015, así como do decreto do alcalde polo cal se aprobou dita liquidación, previo o informe de intervención”

Punto 4º) DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO, PARA OS EXERCICIOS 2017-2019.

A requirimento do Sr. alcalde, a interventora informou:

- Que se trata de dar conta do documento nomeado “marco orzamentario a medio prazo”, en cumprimento da obriga que establece o artigo 29 da Lei Orgánica de

Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que obriga a todas as Administracións Públicas á elaboración dun marco de previsión orzamentarias, tanto en gastos como en ingresos, nun medio prazo a tres anos. Este marco remítese por parte de todas as Administracións Públicas ao Ministerio de Facenda e de Administración Públicas, e constitúe a base sobre a que se elaboran os datos agregados que constitúen o Plan de Estabilidade que se remite a Bruselas.

- Que a normativa que regula a elaboración deste plan, establece que se efectuará tendo en conta por un lado a evolución tendencial de gastos e ingresos, é dicir, elaborando as previsións baixo a situación actual; e por outra parte, tendo en conta o establecemento de determinadas políticas. O presente plan contén os datos de previsións baixo a mesma situación actual, non se conteñen datos que deriven de políticas de gastos e ingresos ao non contarse cos mesmos, xa que dependen dunha decisión do goberno. Hai que sinalar non obstante, que as previsións orzamentarias que contén o plan orzamentario, aínda que serven de base para a elaboración dos orzamentos anuais, éstos pódense desviar das mesmas sempre que así se explique no documento do orzamento anual.

Sendo o contido de dito plan o seguinte:

- Detalle de ingresos correntes (Estimación de previsións iniciais, en euros):

Total de ingresos correntes: Ano 2016= 4.785.696,24 euros.
Ano 2017= 4.839.693 euros.
Ano 2018= 4.873.286,93 euros.
Ano 2019= 4.906.880,86 euros.

- Detalle de ingresos de capital (Estimación de previsións iniciais, en euros):

Total de ingresos de capital: Ano 2016= 784.283,76 euros.
Ano 2017= 784.283,76 euros.
Ano 2018= 784.283,76 euros.
Ano 2019= 724.283,76 euros.

- Detalle dos ingresos financeiros (Estimación de previsións iniciais, en euros):

Total de ingresos financeiros: Ano 2016= 6.000 euros.
Ano 2017= 6.000 euros.
Ano 2018= 6.000 euros.
Ano 2019= 6.000 euros.

- Detalle dos gastos correntes (Estimación de créditos iniciais, en euros):

Total de gastos correntes : Ano 2016= 4.591.023,16 euros.
Ano 2017= 4.607.236,32 euros.
Ano 2018= 4.622.857,88 euros.
Ano 2019= 4.639.274,28 euros.

- Detalle dos gastos de capital (Estimación de créditos iniciais, en euros):

Total de gastos de capital: Ano 2016= 900.444,85 euros.
Ano 2017= 900.444,85 euros.
Ano 2018= 900.444,85 euros.
Ano 2019= 900.444,85 euros.

● Detalle dos gastos de financeiros (Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros).

Total de gastos financeiros: Ano 2016: 84.508,99 euros.

Ano 2017: 98.265,43 euros.

Ano 2018: 96,015,61 euros.

Ano 2019: 86.747,05 euros.

Tamén se informa que dito plan orzamentario foi aprobado por decreto do alcalde, ditado o día 8 de marzo de 2016; do cal se da vista.

Sometido este asunto a votación ordinaria;

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

*Punto 5º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

Polo Sr. alcalde indícase que en primeiro lugar vai facilitar, aos representantes dos partidos políticos representados nesta Corporación Local, as respostas dadas por escrito ás tres preguntas que o Sr. García Couso lle formulara na sesión plenaria anterior do día 4 do pasado mes de marzo; e a tal efecto fíxolles entrega duns folios contendo esas respostas.

Manifestando o Sr. García Couso que a terceira pregunta, referida a porqué non aparecen as rúas Cabelo e Catro Ventos no Inventario de Benes que aprobou o Concello no ano 2015, ía dirixida ao alcalde e respondeuselle cun informe do secretario, cando tiña que ser unha resposta do alcalde.

Responde o Sr. alcalde de que a súa respota ía a ser a mesma que a que figura no informe de secretario.

Deseguido o alcalde preguntou se se ía a formular algunha **PREGUNTA**, dentro deste punto da Orde do día, formulándose as seguintes:

D) Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) formulouse a seguinte pregunta ao Sr. alcalde:

● **ÚNICA.**- ¿Se se sabe algo do tema da gardería municipal; se hai algunha comunicación por parte do Consorcio sobre o tema da ampliación da mesma?, porque como sabemos estivo aquí o presidente da Deputación Provincial e ofreceu que a Deputación se faría cargo de realizar esa ampliación.

Responde o Sr. alcalde:

- Que seguramente na vindeira semana vaia a ter unha reunión cos pais que estan demandando as prazas.

- Que xa explicou na anterior sesión do Pleno cal era a situación, debido aos diferentes convenios que aprobaron os concellos coa Xunta de Galicia.

- Que hai un principio de acordo entre a FEGAMP e o Consorcio para desbloquear a situación, e se esa situación se desbloqueara sería o momento no que se poderá facer máis presión.

- Que o xerente era a pega que poñían, porque moitos concellos están debendo ao Consorcio, entre eles o noso, porque no caso do noso convenio non viñan as nóminas dos traballadores, só viña o mantemento do edificio.

- Que co desbloqueo da situación haberá que chegar a un acordo da cantidade que tería que pagar por cada neno.

II) Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) se formularon as seguintes preguntas ao Sr. alcalde:

● **PRIMEIRA.**- ¿Que trámites se fixeron ao día de hoxe para levar a cabo a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal?

Responde o Sr. alcalde que mantivemos varias reunións coa empresa que elaborou o Plan Xeral, e na última reunión -que se celebrou o mes pasado- falouse do tema do sexto andar do edificio da praza, para concretar algúns detalles dos pregos que estaban redactando para poder contratar as obras de demolición, pero tamén se falou da revisión do Plan Xeral; considerando que debía darse prioridade ao remate deses pregos, porque -como sabemos todos- o xuíz apremia que cada mes haxa que informar sobre os pasos que se están dando na execución da sentenza.

● **SEGUNDA.**- ¿Cal é a xornada media dos 18 traballadores (auxiliares), a tempo parcial, do Servizo de Axuda no Fogar? e ¿Canto cobran por horas esas auxiliares, e se nese cobro van incluídos os desprazamentos?

Manifesta o Sr. alcalde que a resposta a esta pregunta daralla o Sr. García Couso na seguinte sesión plenaria.

● **TERCEIRA.**- Con respecto á Casa de Correos ¿Advertiuse a quen corresponda de que xa hai un proxecto e unha licenza concedida para levar a cabo a rehabilitación para usos culturais desa edificación, e ademais súa horta?

Responde o Sr. alcalde que como se sabe a edificación é propiedade do Xacobeo e o arquitecto que dirixe a rehabilitación cre que é Pichel, porque foi o que estivo en contacto cos técnicos de Fomento que viñeron a vela, para determinar se esa intervención que nos elixíramos se podía facer; e esa situación comentouse diante de min.

Manifesta o Sr. García Couso que os arquitectos do proxecto ao que se dou licenza no 2009 son Manuel Doce Porto e Dulce María Trigo Cousillas.

Manifesta o Sr. alcalde que porén o arquitecto do Xacobeo é Pichel e supón que tería moito que dicir, como nas obras que se relizan no Camiño; porque daba a impresión que era un proxecto que coñecía perfectamente.

Pregunta o Sr. García Couso ¿Se houbo algunha resposta á moción sobre a solicitude de cesión da Casa de Correos que se presentou na sesión que celebrou o Pleno o día 31 de outubro de 2014?

Responde o Sr. alcalde que houbo unha resposta verbal polo xerente do Xacobeo, en principio van a esperar a ver que pasa co proxecto de rehabilitación e despois xa chegará o momento de falar; o importante era que se restaurase e non se deixara caer.

Pregunta o Sr. García Couso ¿Que prazo de obra se prevé para a Casa de Correos, tendo en conta que para a redacción do proxecto son trinta meses?

Responde o Sr. alcalde que esa pregunta teríalle que formular o Sr. García Couso ao Ministerio de Fomento, pero polo que se falara había xa presupuestada unha cantidade para a redacción do proxecto e tamén había un incremento no mesmo.

III) Polo Sr. García Rodríguez (do PP) formulouse a seguinte pregunta ao Sr. alcalde.

● **UNICA.**- En relación coa nova liña de Portodemouros ata Touro, recibiu un correo electrónico do Deputado polo Partido Popular no Parlamento, Paco Santos, e vai a proceder a súa lectura; sendo o seu texto o seguinte:

“A existencia dunha subestación eléctrica, ao carón do embalse de Portodemouros na parroquia de Dombodán, leva consigo a necesidade de que esta sexa un punto de partida de varias redes de distribución que subministran a necesaria enerxía para diversas comarcas. Así xa están instaladas nesta contorna oito liñas eléctricas aéreas (3 de media tensión e 5 de alta tensión).

Actualmente está en tramitación a autorización administrativa de construción dunha nova liña de media tensión, dende Portodemouros a Touro, e que afecta aos Concellos de Arzúa, Touro e Vila de Cruces, polo que o espazo aéreo preto da subestación veríase novamente afectado.

O actual mallado da rede puidera aconsellar evitar a construción de máis liñas eléctricas, evitando os impactos que as mesmas levan consigo.

Así mesmo, os potenciais beneficiarios da electricidade transportada pola liña eléctrica proxectada puideran ver cuberta a súa demanda cunha eventual repotenciación das liñas existentes.

Polo anteriormente exposto, e tamén atendendo ás demandas da veciñanza afectada, instamos á Xunta de Galicia para que:

1.- Realice un estudio técnico no que se analice a viabilidade de repotenciación das liñas eléctricas xa existentes, para evitar a nova liña en tramitación ou, no caso de que esta alternativa non sexa factible, a viabilidade de que a nova liña transcorra por

apoios xa existentes, co fin de minimizar o seu impacto nunha zona moi sensible pola saturación do seu espazo aéreo.

2.- Suspende a tramitación da autorización administrativa da nova liña obxecto desta iniciativa, en tanto que este estudio non se realice.”

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que ese mesmo deputado, na Comisión de Industria, votou en contra da moción que presentara o grupo socialista no Parlamento, porque non se podía dixer de facer ese proxecto polos postos de traballo que se podían perder por parte de Fenosa. Isto foi o mércores, e ao día seguinte sae en Radio Arzúa dicindo o contrario, pero consta na acta do Parlamento; Oxalá cambiaran de idea.

Manifesta o Sr. García Rodríguez que ese correo recibíono onte á noite, e supón que cambiaría de idea; iremos vendo o tema sobre a marcha.

Responde o Sr. alcalde que estaba previsto que hoxe se trouxera un escrito de proposta para madalo a Presidencia, ao Parlamento, e ao deputado que falou na Radio, pero considerou que o mellor sería facelo a través dunha xunta de voceiros e non dun Pleno, e segundo o que máis conveña redactaremos ese escrito ou esperaremos.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que queda autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario que certifica.